

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6364 *Corrección de erros do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.*

Advertidos erros no Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, publicado non «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega núm. 98, do 24 de abril de 2012, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 5, no preámbulo, parágrafo quinto, sexta liña, debe suprimirse a coma que hai tras a palabra «pacientes».

Na páxina 5, no preámbulo, parágrafo sétimo, sexta liña, debe suprimirse a coma que hai tras a palabra «selectivos».

Na páxina 5, no preámbulo, parágrafo sexto, terceira liña, onde di: «... en casos de incapacidade temporal, e tamén derrogar...», debe dicir: «... en casos de incapacidade temporal, e tamén de derrogar...».

Na páxina 6, no preámbulo, parágrafo cuarto, quinta liña, debe substituírse o punto e coma que hai tras a palabra «humanos» por unha coma.

Na páxina 7, no punto un do artigo 1 (número 4 do artigo 3 que se modifica), quinta liña, debe engadirse o inciso «e persoas asimiladas» tras a palabra «descendentes».

Na páxina 8, no punto dous do artigo 1 (artigo 3 bis que se engade) todas as referencias que se conteñen ao Instituto Nacional da Seguridade Social deben ir acompañadas da expresión «ou, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña».

Na páxina 8, punto dous do artigo 1 (número 1 do artigo 3 bis que se engade), terceira liña, onde di: «...as súas direccións provinciais, que establecerá os requisitos documentais que se presentarán en cada caso. », debe dicir: «...as súas direccións provinciais, e farase de forma automática nos supostos previstos no número 2 do artigo 3 desta lei.».

Na páxina 9, punto dous do artigo 1 (número 3 do artigo 3 bis que se engade), cuarta liña, onde di: «... dos requisitos a que se refire o punto 4 do artigo 3 ...», debe dicir: «... dos requisitos a que se refiren os números 3 e 4 do artigo 3...».

Na páxina 10, artigo 2, punto tres (número 5 do artigo 8 ter que se engade), terceira liña, onde di: «... sen que se aplique ningún límite de ...», debe dicir: «...sen que se aplique o mesmo límite de...»

Na páxina 11, artigo 2, punto cinco (número 7 do artigo 8 quinquies que se engade), terceira liña, debe engadirse ao final o inciso «ou de beneficiario del».

Na páxina 12, artigo 3, números 1 e 2, liñas cuarta e quinta, respectivamente, debe engadirse o inciso «ou de beneficiario del» tras a palabra «asegurado».

Na páxina 13, artigo 4, punto un (número 4 do artigo 85 que se modifica), na segunda liña, onde di: «...o medicamento de menor prezo...», debe dicir: «...o medicamento de prezo máis baixo...».

Na páxina 13, artigo 4, punto dous (no artigo 85 bis que se engade), deben suprimirse os guións do número 1, figurando o mesmo texto a continuación e separando as frases mediante punto e coma.

Na páxina 14, artigo 4, punto catro (número 5 do artigo 86 que se engade), na segunda liña, onde di: «...superior ao do menor prezo da súa agrupación homoxénea, o farmacéutico substituirá o medicamento prescrito polo de menor prezo...», debe dicir: «... superior ao de prezo máis baixo da súa agrupación homoxénea, o farmacéutico substituirá o medicamento prescrito por este...».

Na páxina 15, artigo 4, punto cinco (número 1 do artigo 89 que se modifica), todas as referencias que se efectúan á Comisión Permanente de Farmacia deben ir acompañadas da expresión «do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde».

Na páxina 17, artigo 4, punto oito, na denominación do artigo 90 bis que se engade e nos números 1 e 2, onde di: «...*Comité Asesor da Prestación Farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde*.», debe dicir: «...*Comité Asesor para o Financiamento da Prestación Farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde*.». Así mesmo, no número 4 do artigo 90 bis que se engade, primeira liña, onde di: «...*Comité Asesor da Prestación Farmacéutica será atendido*...», debe dicir: «...*Comité Asesor para o Financiamento da Prestación Farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde será atendido*...».

Na páxina 17, artigo 4, punto nove (número 6 do artigo 91 que se engade), primeira liña, onde di: «...*das revisións de prezos á baixa*...», debe dicir: «...*das revisións de prezos menores*...».

Na páxina 17, artigo 4, punto dez (número 2 do artigo 93 que se modifica), liñas quinta e sexta, onde di: «...*fosen comercializados durante un mínimo de dez anos nun Estado*...», debe dicir: «...*fosen autorizados cunha antelación mínima de dez anos nun Estado*...».

Na páxina 17, artigo 4, punto dez (número 3 do artigo 93 que se modifica), segunda e terceira liñas, onde di: «...*agrupadas nel, e en todo caso deberá*...», debe dicir: «...*agrupadas nel e, en todo caso, deberá*...».

Na páxina 18, artigo 4, punto once, na rúbrica do artigo 93 bis que se engade, onde di: «... *Sistema de prezos seleccionados para produtos financiáveis*.», debe dicir: «...*Sistema de prezos seleccionados*.»

Na páxina 18, artigo 4, punto once (número 1 do artigo 93 bis que se engade), terceira liña, debe substituírse a palabra «mecanismo» pola de «sistema».

Na páxina 18, artigo 4, punto once (número 7 do artigo 93 bis que se engade), primeira liña, onde di: «...*, o ministerio elaborará*...», debe dicir: «...*, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade elaborará*...».

Na páxina 18, artigo 4, punto once (número 10 do artigo 93 bis que se engade), primeira liña, debe substituírse a palabra «réxime» pola de «sistema».

Na páxina 19, artigo 4, punto once (número 14 do artigo 93 bis que se engade), onde di: «14. O sistema de prezos seleccionado poderá aplicarse a medicamentos e produtos sanitarios que, non estando financiados, se consideren de interese para saúde pública...», debe dicir: «14. O sistema de prezos seleccionados poderá aplicarse a medicamentos e produtos sanitarios que, non estando financiados, se consideren de interese para a saúde pública...».

Na páxina 19, artigo 4, punto once (número 16 do artigo 93 bis que se engade), onde di: «...*poderase estender o mecanismo vía a selección por fixación*...», debe dicir: «...*poderase estender o sistema de prezos seleccionados a través da fixación*...».

Na páxina 19, artigo 4, punto trece, no título do artigo 94 bis que se engade, onde di: «*Achega dos beneficiarios na prestación farmacéutica ambulatoria*.», debe dicir: «*Achega dos usuarios e os seus beneficiarios na prestación farmacéutica ambulatoria*.».

Na páxina 19, artigo 4, punto trece (número 1 do artigo 94 bis que se engade), segunda liña, onde di: «...*paciente a través de oficina ou servizo de farmacia*.», debe dicir: «...*paciente, a través de receita médica, en oficina ou servizo de farmacia*.».

Na páxina 19, artigo 4, punto trece (alínea c) do número 5 do artigo 94 bis que se engade), primeira liña, onde di: «c) Un 40% para as persoas...», debe dicir: «c) Un 40% do PVP para as persoas...».

Na páxina 19, artigo 4, punto trece (alínea d) do número 5 do artigo 94 bis que se engade), segunda liña, onde di: «...*como pensionistas da Seguridade Social*,...», debe dicir: «...*como pensionistas da Seguridade Social e os seus beneficiarios*,...».

Na páxina 19, artigo 4, punto trece (alínea a) do número 6 do artigo 94 bis que se engade), na primeira liña, onde di: «a) A un 10% do PVP...», debe dicir: «a) Un 10% do PVP...».

Na páxina 20, artigo 4, punto trece (alínea c) do número 6 do artigo 94 bis que se engade), terceira liña, debe engadirse a palabra «euros» tras a cifra «100.000».

Na páxina 20, artigo 4, punto trece (número 7 do artigo 94 bis que se engade), onde di: «7. O importe das achegas que excedan estas cantidades será obxecto...», debe dicir: «7. O importe das achegas que excedan das contías mencionadas no punto anterior será obxecto...».

Na páxina 20, artigo 4, punto trece (alínea e) do número 8 do artigo 94 bis que se engade), primeira liña, onde di: «e) Os tratamentos derivados...», debe dicir: «e) Persoas con tratamentos derivados...».

Na páxina 20, no punto catorce do artigo 4 (artigo 94 ter que se engade), todas as referencias que se conteñen ao Instituto Nacional da Seguridade Social deben ir acompañadas da expresión «ou, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña».

Na páxina 21, artigo 4, punto catorce (parágrafo primeiro do número 3 do artigo 94 ter que se engade), onde di: «3. O Instituto Nacional da Seguridade Social comunicará ás administracións sanitarias competentes...», debe dicir: «3. O Instituto Nacional da Seguridade Social comunicará ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e este, pola súa vez, ás demais administracións sanitarias competentes...».

Na páxina 21, artigo 4, punto dezaseis, no título do artigo 97 ter que se engade, onde di: «Artigo 97 ter. Fomento da competencia e competitividade.», debe dicir: «Artigo 97 ter. Fomento da competencia e a competitividade.».

Na páxina 21, artigo 4, punto dezaseis (número 2 do artigo 97 ter que se engade), primeira liña, onde di: «Toda actuación limitativa á competencia...», debe dicir: «Toda actuación limitativa da competencia...».

Na páxina 22, artigo 4, punto dezasete (número 1 que se modifica da disposición adicional sexta), na segunda liña, debe suprimirse a coma tras a palabra «eles»; e na cuarta liña, debe suprimirse a coma tras a palabra «farmacia».

Na páxina 22, artigo 4, punto dezasete (parágrafo terceiro do número 1 que se modifica da disposición adicional sexta), na segunda liña, onde di: «...no marco da acción Profarma segundo as porcentaxes establecidas na seguinte táboa:», debe dicir: «...no marco do programa Profarma segundo as porcentaxes seguintes:».

Na páxina 22, sexto parágrafo, os puntos de división deben substituírse por letras.

Na páxina 22, artigo 4, punto dezasete (número 1 da disposición adicional sexta que se modifica), no parágrafo que comeza «Aquelas empresas clasificadas no programa Profarma...», cuarta liña, debe eliminarse a coma tras a palabra «relevancia». Así mesmo, no parágrafo que comeza «As minoracións que poidan afectar...», segunda liña, debe substituírse a expresión «Plan Profarma» por «programa Profarma».

Na páxina 24, artigo 6, número 2, segunda liña, onde di: «...farmacéutica poderá establecer acordos ou convenios con centros hospitalarios, e eximir estes centros desta exigencia,...», debe dicir: «...farmacéutica de cada comunidade autónoma poderá establecer acordos ou convenios cos centros mencionados no punto anterior e eximilos da dita exigencia.».

Na páxina 25, artigo 8, punto un, onde di: «Artigo 25. *Áreas de capacitación específica.*», debe dicir: «Artigo 25. *Formación en áreas de capacitación específica.*».

Na páxina 25, artigo 8, punto un (número 3 do artigo 25 que se modifica), na última liña, onde di: «...que se refire o punto 1 deste...», debe dicir: «...que se refire o punto 2 deste...».

Na páxina 25, artigo 8, punto dous (número 1 do artigo 26 que se modifica), primeira liña, onde di: «1. O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e o competente en materia de educación, por proposta...», debe dicir: «1. O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, por proposta...».

Na páxina 25, artigo 8, punto dous (número 2 do artigo 26 que se modifica), primeira liña, onde di: «2. Corresponde ao órgano directivo competente en materia de calidade do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade ...», debe dicir: «2. Corresponde ao

Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade...»; na terceira liña, debe suprimirse a coma tras a palabra «acreditados» e engadirse unha coma tras a palabra «avaliar».

Na páxina 25, artigo 8, punto dous (número 3 do artigo 26 que se modifica), quinta liña, onde di: «...comunidade autónoma, resolver sobre as solicitudes...», debe dicir: «...comunidade autónoma, resolver as solicitudes...».

Na páxina 26, artigo 8, punto tres (número 1 do artigo 29 que se modifica), terceira liña, onde di: «...Igualdade. Estará integrado...», debe dicir: «...Igualdade, que estará integrado...»; e, na sétima liña, onde di: «...serán nomeados polo ministerio competente antes citado.», debe dicir: «...serán nomeados pola persona titular do ministerio antes citado.».

Na páxina 26, artigo 8, punto tres (número 2 do artigo 29 que se modifica), primeira liña, onde di: «2. O comité desenvolverá as funcións...», debe dicir: «2. O Comité de Área de Capacitación Específica desenvolverá as funcións...».

Na páxina 26, artigo 8, punto tres (número 3 do artigo 29 que se modifica), primeira liña, onde di: «... e o funcionamento do comité de área será atendido...», debe dicir: «... e o funcionamento do Comité de Área de Capacitación Específica será atendido...».

Na páxina 26, artigo 9 (número 2 da disposición adicional décima que se engade), segunda liña, onde di: «...rexistros oficiais, de profesionais, existentes nas administracións do Estado e autonómicas...», debe dicir: «...rexistros oficiais de profesionais existentes nas administracións estatal e autonómicas...».

Na páxina 27, artigo 10, punto un (número 2 do artigo 15 que se modifica) terceira e cuarta liñas, onde di: «...de saúde comunicarán ao ministerio as categorías...», debe dicir: «...de saúde comunicarán ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade as categorías...».

Na páxina 27, artigo 10, punto dous, onde di: «Dous. Modifícanse os puntos 3 e 4 do artigo 41...», debe dicir: «Dous. Modifícase o número 3 e engádese un novo número 4 ao artigo 41...». Por outra parte, nos números 3 e 4 do artigo 41, liñas terceira e cuarta, respectivamente, deben suprimirse as comas tras as palabras «estatutario» e «docentes».

Na páxina 28, artigo 10, punto catro (número 1 da disposición adicional décimo sexta que se engade), na terceira liña, debe engadirse a palabra «sanitario» tras a expresión «persoal funcionario»; na cuarta liña, onde di: «... ata o 31 de decembro de 2012...», debe dicir: «...ata o 31 de decembro de 2013...»; na quinta liña, tras a expresión «...integrarse nos servizos de saúde como persoal estatutario fixo», debe engadirse o inciso «, sen prexuízo dos dereitos consolidados.».

Na páxina 28, artigo 10, punto cinco (disposición adicional décimo sétima que se engade), na terceira liña, debe suprimirse a coma tras a palabra «estatutario».

Na páxina 29, artigo 10, punto seis (disposición transitoria terceira que se modifica), na cuarta liña, onde di: «...antes do 31 de decembro de 2012.», debe dicir: «...antes do 31 de decembro de 2013, sen prexuízo dos dereitos consolidados.».

Na páxina 30, disposición transitoria primeira, segunda liña, debe engadirse tras a expresión «España» o inciso «e non teñan a condición de asegurado con base nalgún dos supostos do número 2 do artigo 3 da Lei 16/2003, do 28 de maio, ou en aplicación de regulamentos comunitarios ou convenios bilaterais, así como os beneficiarios dunhas e outras». Así mesmo, na terceira liña, tras a palabra «asegurado» debe engadirse o inciso «ou de beneficiario del».

Na páxina 30, disposición transitoria terceira, primeira liña, onde di: «...da Comisión Delegada para Asuntos Económicos,...», debe dicir: «...da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos,...». Así mesmo, na terceira liña, onde di: «...e produtos sanitarios, estes serán libres...», debe dicir: «...e produtos sanitarios, os prezos industriais serán libres...».

Na páxina 34, punto un, alínea b), debe suprimirse a palabra «reducida».

Na páxina 35, disposición derradeira sétima, punto catro (número 6 que se engade), segundo parágrafo, debe engadirse ao final del o inciso: «da comunidade autónoma».